

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 13/02/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
ARGIMIRO SERÉN MERA

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 13/02/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 06-feb-2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/0348

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Pablo Jueguen García para a renovación da planificación, mantemento, creación de contidos dos perfís oficiais de Facebook e Instagram do Concello, que inclúe tamén a xestión dos contidos da pantalla do quiosco de Arcebispo Lago, por un importe total de 17.424,00€/anuais (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0437

Vista a proposta da Concellería de Persoal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sobrino G. SA, para o subministro de roupa de traballo para o persoal adscrito a diversos Servizos Municipais, por un importe total de 18.021,65€(IVE incluído), coa seguinte desagregación:

NÚMERO DE SERVIZOS CUBERTOS, EFECTIVOS E DISTRIBUCIÓN DO GASTO

NÚMERO DE EFECTIVOS

Departamento de mercados: 4

Departamento de cemiterios: 2

Departamento de Vías e Obras: 18

Departamento de portería: 5

Salón García: 2

Departamento de Xardíns: 11

Departamento de Medio Ambiente: 9

Alumeado e Auditorio: 10

Feiras: 3

DISTRIBUCIÓN DO GASTO

Departamento de mercados: 1.016,92€, con cargo á partida 4312.22104.

Departamento de cemiterios: 548,75€, con cargo á partida 164.22104.

Departamento de Vías e Obras: 6.128,37€, con cargo á partida 1530-22104.

Departamento de portería: 281,81€, con cargo á partida 920.22104.

Salón García: 413,87€, con cargo á partida 334.22104.

Departamento de Xardíns: 3.720,97€, con cargo á partida 171.22104.

Departamento de Medio Ambiente:1.497,88€, con cargo á partida 170.22104.

Departamento de Alumeado e Auditorio: 3.308,14€ con cargo á partida 165-22104

Ferías: 1.104,94€ con cargo á partida 4311-22104

PRP2023/0438

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a adjudicación á empresa TECNOLOGIAS PLEXUS S.L. das licenzas e servizos de soporte, mantemento e explotación en modo "cloud" da aplicación informática de cita previa QUENDA ("Quenda Cloud" 20 postos e "Oficina Virtual " 10 postos) e do equipamento hardware utilizado na mesma para o ano 2023 por un importe de 6.078,03€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0439

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Estelas da Terra Soc. Coop. Galega para subministro de árbores para repoñer en parques e xardíns por distintas causas nas que se atopan os temporais, enfermidades, actos vandálicos, por un importe total de 4.654,10€ (IVE incluído), con cargo á partida 171-22109. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0440

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Arbogal 2007, S.L. para o Plan de xestión e avaliación da arboleda do Parque da Compostela e Parque Botánico Enrique Valdés, por un importe total de 10.466,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 171-22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0441

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por IMAFEC, S.L., para a reposición de unha bomba par ao bombeo de Cea Río, por un importe total de 4.764,98€ (IVE incluído), con cargo á partida 160-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0442

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Decoplac Arosa, S.L. para a colocación de solo de PVC na Escola Infantil A Galiña Azul de Carril, por un importe total de 6.292,00€(IVE incluído), con cargo á partida 323-212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Remitir ao Consorcio de Benestar da Xunta de Galicia o presente acordo, coa finalidade de que este gasto sexa abonado ao Concello, por considerar que non se trata dun gasto de mantemento, senon de reposición.

PRP2023/0443

Vista a proposta do Departamento de Rendas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sistemas de Control Artes Gráficas SLU para o subministro de 50.000 impresos para recibos e notificacións de prema, modelo estandarizado nas aplicacións informáticas do concello, para calquera tipo de notificación (recibos, providencias de constrinximento ,liquidacións tributarias, denuncias de tráfico etc), empregado polos departamentos de Recadación, Rendas e Policía Local, consistente nun autosobre que é dobrado e pechado nunha máquina pregadora, con este sistema afórrase o sobre, o acuse de correos e o ensobrado manual, por un importe total de 3.025,00€ (IVE incluído), con cargo ás seguintes partidas 931.22000 - 2.117,50€ 132.22000- 907,50€.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0446

Dáse conta do anuncio da Deputación Provincial do venres 3 de febreiro de 2023, de aprobación inicial do expediente de alteración da cualificación xurídica das oficinas do Oral de Vilagarcía de Arousa e Tui. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0447

Dáse conta da sinatura polo Concello de Vilagarcía de Arousa xunto coa Deputación provincial de Pontevedra, a Xunta de Galicia, a Irmandade Xurídica Galega e outros Concellos da Provincia a denominada "Declaración de Pontevedra", pola que as corporacións locais asinantes comprometeronse a adoptar determinadas medidas para promover a normalización do uso da lingua galega nas escrituras públicas e nos procesos xurisdiccionais nos que tomen parte.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda dar traslado do decreto para o seu cumprimento aos profesionais do dereito, e dar a publicidade oportuna para coñecemento das e dos empregados locais e das notarias do municipio. Solicitando a todos eles a máxima colaboración para a súa efectividade.

PRP2023/0445

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a continuidade de gasto publicitario para a difusión das iniciativas de desenvolvemento local por un importe total de 7.260,00 € (IVE incluído) durante o segundo semestre de 2023, de conformidade co orzamento presentado por Radio Pontevedra SA (Radio Arosa), con cargo á partida 926.22613.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2023/0423

Dende á área de Servizos Sociais, de acordo co Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal, dáse conta da proposta de prazos de solicitudes de praza na Escola Infantil Municipal, para o curso 2023/2024:

1. Solicitudes de renovación para os nenos e nenas que xa están matriculados perante este curso: do 1 ao 16 de Marzo de 2023
2. Novas solicitudes: 20 de marzo ao 8 de Abril de 2023

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2023/0449

Dáse conta de proposta do Director do Obradoiro de Emprego Forme 2022, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto correspondente á adquisición de material para executar as obras establecidas no proxecto do obradoiro, relativas á fabricación de mobiliario urbano e material e medios para desenvolver as prácticas de obra, no módulo de Carpintería, por un importe total de 5.791,44 €, con cargo á partida 2412.22199, a favor de Maderas J. Redondo SL - B36158897 (Factura V/20230093).

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/0451

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Juan José Pintos Silva para o servizo de mantemento da páxina Web, dominio e actualizacións da Escola Municipal de Música para o ano 2023, por un importe total de 106,00 €, con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0453

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigran Poghosyan Gharibyan, para revisión técnica, afinación e regulación dos pianos da Escola Municipal de Música, por un importe total de 726,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0454

Dáse conta de publicación no DOG nº 17, de Orde da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento CT236A), para a realización de actividades de animación á lectura no marco do "Programa Ler Conta Moito", sendo o prazo de solicitude para participar do 26 de xaneiro a 27 de febreiro, ambos inclusive.

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Participar no Programa "LER CONTA MOITO".
- Autorizar á Dirección da Biblioteca Municipal para levar a cabo as xestións e programación das actividades correspondentes.

SANIDADE

PRP2023/0461

Vista a seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios para aprobar a contratación, dos servizos de mantemento durante o 1º semestre de 2023 nos cemiterios de Carril e Vilagarcía: Actualmente o Servizo de Cemiterios conta con dous funcionarios. Entre os traballos que teñen encomendados están como prioritarios os servizos de inhumacións e enterramentos. Neste momento preciso temos unha urxente necesidade de novas unidades de enterramento no cemiterio de Carril (dende hai unha semana dispoñemos unicamente dunha unidade de enterramento dispoñible no cemiterio de Carril), pois no de Vilagarcía conclúen este mes a construción das que se aprobaron a finais do 2022, pero o proxecto para a ampliación de Carril aínda non foi concluído polos técnicos municipais de Urbanismo, ademais de non dispoñer de financiación para a súa execución. Os traballadores teñen que realizar urxente e necesariamente estes traballos de inhumacións de aquelas unidades de enterramento do Cemiterio de Carril que se poidan liberar, polo que os traballos de mantemento e control de herbas de ambos cemiterios se van ver menguados. É por isto polo que se propón a contratación dun servizo de control e mantemento das herbas no cemiterios de Vilagarcía de Arousa e Carril, durante estes primeiros meses do ano.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Troquiña SL para a realización dos traballos de mantemento e control das herbas das sendas e parterres herbáceos dos Cemiterios Municipais de Carril e Vilagarcía de Arousa, durante

os meses de febreiro a xuño de 2023, por un importe total de 7.550,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2023/0452

Dáse conta de solicitude de colaboración da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e solicitude de uso das instalacións (Pza. Da Peixeiría) e do espazo público aledaño para desenvolver, en Vilagarcía, unha das actividades do programa “DÍA DA XUVENTUDE ” e que terá lugar o vindeiro día 4 de marzo de 2023 e en horario de 17.00h a 22.00h.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) A colaboración do concello para o desenvolvemento da actividade e a utilización do espazo público da Praza da II República, para o desenvolvemento do programa de actividades: “DÍA DA XUVENTUDE”, en Vilagarcía, o 4 DE MARZO e en horario de 17.00 a 21.00 h.

2º) A colaboración dos efectivos tanto persoais como materiais de Protección Civil para realizar tarefas de colaboración na supervisión do evento así como para facer fronte a calquera incidencia médica ou sanitaria que poida acontecer desde ás 17.00h ata ás 21.00 h.

Solicítase tamén o peche das instalacións, sobre ás 00.00h do día 4 de marzo, unha vez rematen as tarefas de desmontaxe da actividades que se empregaron para as actividades.

3º) A colaboración da Policía Local para a realización de tarefas de vixilancia e velar polo bo desenvolvemento da actividade e realizar unha reserva de aparcamento, para facilitar as tarefas de carga e descarga, desde as 15.00 h e ata as 00.00 h do día 4 de marzo de 2023.

As matrículas dos vehículos, da empresa que levará a cabo as actividades, para os que se solicita autorización de aparcamento, o día 4 de marzo, entre as 15.00 h e as 00.00 h:

VEHÍCULOS MAREXADA	-	DÍA	DA
MODELO COCHE			MATRÍCULA
FURGO PEUGEOT BOXER			6553 DZT
FURGO CITROEN JUMPER			0330 DLS
DACIA LODGY			6430 LPC
DACIA DOCKER			5646 LPZ

4º) A colaboración do Departamento de Electricidade para facilitar unha toma de corrente con conexión a un cadro eléctrico trifásico de 16 A.

5º) Instalación por parte do depto. De obras dunha tarima de 2X4 para colocar un céspede que sirva de escenario para unha actuación musical.

Así mesmo acórdase autorizar á entidade organizadora (Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través da emesa concesinaria das actividades) o uso dos espazos municipais para a finalidade citada, debendo cumprir o seguinte:

- Achegar, antes do comezo da actividade, o seguro de responsabilidade civil e de accidentes da actividade e copia dos recibos de abonos dos mesmos.
- Responsabilizarse do control de acceso e saída ao recinto solicitado así como do desenvolvemento da actividade no relativo ao control do aforo máximo da instalación.
- Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias vixentes en todo momento nas instalacións solicitadas e nas actividades, así como aquelas ditadas polas autoridades sanitarias competentes e a respectar, as normas municipais de réxime interior das respectivas instalacións.
- Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento da actividade.
- A responder dos actos que se realicen nas instalacións concedidas e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto. As actividades que desenvolva o grupo de participantes na actividade ou entidade organizadora non teñen cosideración de actividade propia do concello de Vilagarcía, polo que os riscos, accidentes e danos derivados das actividades que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade organizadora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/0455

Dáse conta do escrito remitido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente SA - SOGAMA comunicando que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ven de manter a contía do canon unitario de tratamento aplicado no ano 2022 e de establecer para o ano 2023 unha bonificación do canon unitario por importe do 15% do canon unitario vixente no ano 2022, indicando as condicións que as entidades locais deben cumprir, debendo solicitar a bonificación antes do 1 de marzo de 2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a solicitude de bonificación.

Así mesmo o Concello comprométese a:

- Adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.
- Procura dunha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.
- Implantación, antes do 31 de decembro de 2023, da recollida diferenciada da materia orgánica a través da instalación do quinto contedor de cor marróm, exceptuándose os concellos de menos de 2.000 habitantes, que deberán ter implantado un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario.

Dar conta aos Departamentos de Tesourería e Intervención.

PRP2023/0388

O día 01.02.2023 a Asociación A Xiada En Marcha presenta escrito neste Concello polo que se solicita autorización para a realización de diferentes accións ambientais na contorna e no lavadoiro da Granxa en Carril, consistentes na limpeza da zona de tránsito pública, erradicación de especies invasoras da zona de costa, concertos de pequeno formato acústico e colocación de cinco esculturas efémeras e biodegradables. Segundo mencionan no escrito estas actuacións

encádranse dentro do programa de axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo- Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización á citada Asociación para a realización das actividades solicitadas, entre os meses de febreiro e xullo de 2023

PRP2023/0387

Dáse conta de escrito de ADEAC no que comunica determinadas actuacións que son obrigatorias se se quere optar á bandeira azul nas praias de 2023.

Este concello presentou candidatura para a praia Compostela e a praia de Campanario, polo que para a campaña deste verán do 2023 deben estar feitas as seguintes actuacións dependentes de diversos departamentos municipais:

- Renovación dos paneis de información co novo logo.
- Redacción dun PLAN DE AVALIACIÓN DE RISCOS DAS PRAIAS CANDIDATAS A BANDEIRA AZUL 2023. Este plan, segundo o criterio do coordinador do servizo municipal de emerxencias e protección civil expresada na última reunión do comité de xestión de praias, debería contratarse cunha asistencia técnica ao non haber posibilidades de facelo cos medios municipais.
- Debe constar na WEB municipal información sobre os accesos e servizos accesibles da Praia Compostela.
- Na praia Compostela deberá haber polo menos unha pasarena que debe chegar ata a area húmida. Para solucionar o tema da subida e baixada de marea deberá colocarse unha pasarelas semirrígidas enrolables que se poderían montar e recoller diariamente.
- As billa do lavabos das cabinas adaptadas na praia Compostela deben dispor de panca de fácil acceso.
- Recomendación de contactar con algunha asociación de persoas con discapacidade para asegurarse de que as instalacións adaptadas son axeitadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0389

Dáse conta do escrito presentado pola Empresa Espina&Delfn SL polo que se comunica que o día 30 de xaneiro de 2022 se detectara un descenso brusco da volumetría de lodos na EDAR de Vilagarcía, posiblemente debido a un vertido dunha importante cantidade de graxas de orixe industrial que debeu entrar durante a fin de semana anterior. Esas graxas aínda eran visibles nos decantadores en forma de frotantes, así como no pozo de recirculación.

A empresa descoñece a súa orixe e as cantidades vertidas así como as consecuencias que pode ter sobre o funcionamento da EDAR, xa que non coñecen como pode continuar afectando aos lodos activos do proceso biolóxico de depuración.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0425

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa NELMAR SLU para a retirada de 56 m² de pavimento de caucho en mal estado e subministración de pavimento de absorción de impactos constituído por caucho no Parque de A Xunqueira, por un importe total de 3.823,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2023/0457

A Concellería de Turismo de Vilagarcía de Arousa está a desenvolver distintas iniciativas para situar a nosa cidade nas principais canles de venta de España e Portugal. O que se pretende é poder chegar a unha gran cantidade de clientes potenciais, traballando directamente con axentes de viaxes que, a través das súas axencias, vendan o noso paquete turístico a miles de turistas. A estratexia a adoptar está baseada na diferenciación, mostrando ao usuario final produtos diferentes ao habitual como é o “sol e praia” o que permitirá a captación de turistas/ visitantes durante os 365 días do ano. A campaña dará a coñecer todos os recursos turísticos dos que dispoñe Vilagarcía de Arousa os 365 días do ano na canle B2B ás axencias de viaxes e turoperadores da península e o mercado portugués, e comercializará todos os paquetes turísticos creados cun amplo abanico de diferentes temáticas.

Para o desenvolvemento desta campaña se levarán a cabo as seguintes accións:

- Presentación en Madrid do noso produto: “Vilagarcía, ciudad de Arousa” 365 días, dirixida a os principais axentes de viaxes especializados como: Viaxes o Corte Inglés, Barceló Viaxes etc.
- Creación e distribución dun catálogo dixital con información dos principais recursos turísticos de Vilagarcía.
- Elaboración de diferentes paquetes turísticos que incluírán ao sector empresarial do municipio.
- Envío de newsletters con información exclusiva de Vilagarcía a máis de 9.500 axencias repartidas entre España e Portugal.
- Banners de promoción de Vilagarcía estratexicamente publicados.
- Campaña de promoción en diferentes perfís de redes sociais.

En cumprimento do Plan Estratéxico de Turismo na liña estratéxica III: Ordenación da oferta e creación do produto, o obxectivo a alcanzar é desestacionalizar e consolidar Vilagarcía como cidade de referencia en Galicia dos City Breaks (viaxe de corta duración), promovendo experiencias para os fins de semana e pontes de todo o ano.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VIAJES FISTERRA SLU, por un importe total de 17.363,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22610.

TEMPO DE DURACIÓN DA CAMPAÑA: 6 meses

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/0436

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento para a realización do XV Maratón Fotográfica pola Igualdade, que terá lugar o sábado 4 de marzo e no que previa inscrición, poderá participar calquera persoa de oito ou máis anos interesada na fotografía. A actividade terá unha duración

de 9 horas (de 10:30 ata as 19:30 horas), cun orzamento total de 1.069,00€, coa seguinte desagregación:

- 3 premios de 200,00€ cada un : 600,00€ con cargo á partida 2312-48100, modalidade xeral(14 anos en diante).

- Mercedes Rolán Lopez orzamento dunha cámara fotográfica deportiva 119,00€ con cargo á partida 2312-48100, premio modalidade infnatil (nados entre o ano 2010 e o 2015)

-Arousa Hermanos Gongal, S.L.: servizo de catering para unha estimación de 25 persoas: 350,00€ con cargo á partida 2312-22601

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SPAD

PRP2023/0456

Vista a proposta da Coordinadora do SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA SL para o subministro dunha cadeira modelo STAY TEX, para o SPAD, por un implorte total de 369,05€ (IVE incluído), con cargo á partida 2311-22699.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2023/0434

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a celebración do Entroido 2023 do 21 de febreiro ao 5 de marzo, coa celebración de distintos actos, por importe de 15.783,20€, coa seguinte desagregación:

NOME FISCAL	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
PREMIOS DESFILE DE MARTES DE ENTROIDO (21-02-2023)		Premios según Bases de participación	6.300,00€	334-48100
ACCESIT CHOQUEIROS			500,00€	334-48100
FESTIVAL COMPARSAS (05-03-2023)		Por participación con un máximo de 10 comparsas	3.000,00€	334-481
CARLOS CRESPO GÓMEZ	15373039-T	Actuación Duendeneta o día 21 de febreiro na entrega de premios de desfile de martes de entroido	726,00€	334-22609
ASOCIACIÓN CULTURAL MARAJOTA E MEDIA	G94130317	Participación da comparsa Marajota e Media no desfile de entroido martes 21 de febreiro	700,00€	334-22609
ADEMAR SILVOSO	76867504D	Presentación Festival de Comparsas o día 5 de Marzo no Salón de Actos de Aditorio	275,00€ Irpf: -37,50€ Líquido a percibir: 237,50€	334-22609
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA (GAITAS)	G-36436947	Actuación grupo de Gaitas Os Terribles de Arousa en Vilaxoán polo Enterro da Sardiña o día 25-02-2023	391,00€	334-22609
WILSON DELMONTE PÉREZ	45952172N	Actuación o día 25 de febreiro en Carril para Baile de Piñata (WILL DISCOMOVIL)	750,20€	334-22609
ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS (gaitas)	G-36136679	Actuación do Grupo de Gaitas Malveiras o día 26 de febreiro no Enterro da Sardiña en Carril	391,00€	334-22609

Gasto imprevisto de xardíns, obras... (estimativo)		250,00€*	334-22609
Comunicación estimativo)		2.500,00€*	334-22602
	TOTAL (estimativo)	15.783,20 €	

CONTRATACIÓN

PRP2023/0367

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións veciñais para aprobación do proxecto denominado "Ampliación da rede Pluviais na Rúa Castiñeiro":

Vista a problemática identificada polo Concello de Vilagarcía de Arousa na rúa Castiñeiro, a cal, pola súa situación xeográfica e a propia pendente da mesma, nas épocas nas que se producen chuvias constantes e intensas, discorren pola mesma grandes cantidades de auga que supoñen un risco tanto para as edificacións da zona como para o tráfico e circulación de persoas e vehículos.

Co obxecto de dar unha solución a esta situación, redactouse polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, o proxecto denominado "Ampliación da rede de pluviais na rúa Castiñeiro", que define as obras necesarias para reducir a cantidade de auga que circula pola mencionada rúa, mellorando deste xeito a seguridade para peóns e condutores e, en consecuencia, a calidade de vida das veciñas e veciños da contorna.

Consta no expediente informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, con data 1 de febreiro de 2023, con carácter favorable. O prazo de execución establecido na referida memoria é de 1 mes.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Ampliación da rede de pluviais na rúa Castiñeiro", redactado por enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 42.775,44 €

PRP2023/0395

Vista a proposta da Concelleira de Promoción Económica para adxudicar o contrato menor de servizos para a limpeza da oficina de formación e atención dixital dente o 1 de xaneiro ao 31 de xullo de 2023.

A oficina de formación e atención dixital, sita no "Kiosko" da Rúa Arcebispo Lago, continuará prestando o servizo de atención ao público ata 31 de xullo de 2023 (dito servizo é prestado pola empresa CDF-Consultoría y Gestión Formativa S.L.), polo que é necesaria a prestación do servizo de limpeza desta dependencia, co fin de mantela nas axeitadas condicións hixiénicas, ata o remate do servizo de formación e atención dixital o 31 de xullo de 2023.

Solicitado orzamento á empresa Clece, S.A. para a limpeza da oficina citada dende o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2023, presenta unha oferta mensual por importe de 115,66 €/mes (IVA engadido), realizando as seguinte tarefas:

- Barrido, fregado y desinfección de suelos, FRECUENCIA SEMANAL
- Limpeza e desinfección de mobiliario. FRECUENCIA SEMANAL
- Limpeza Sótano (WC inhabilitado) y almacén. FRECUENCIA QUINCENAL

- Limpeza de telarañas. FRECUENCIA MENSUAL
- Limpeza de cristales. FRECUENCIA MENSUAL

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adxudicar o contrato menor de servizos denominado LIMPEZA DA OFICIÑA DE FORMACIÓN E ATENCIÓN DIXITAL DENDE O 1 DE XANEIRO AO 31 DE XULLO DE 2023 á mercantil CLECE S.A. CIF A-80364243 , por un Importe Total de 809,62 € (IVE ENGADIDO) segundo o orzamento que presenta.

PRP2023/0424

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para a aprobación do proxecto técnico de "Acondicionamento de parcela para aprcamento disuasorio en a Lomba:

Ante a necesidade detectada nos últimos anos de incrementar o espazo dispoñible para estacionar vehículos na contorna do campo de fútbol de A Lomba, dende o Concello de Vilagarcía de Arousa búscase dar resposta á demanda dos veciños e veciñas, así como das persoas usuarias das instalacións.

O proxecto que se somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, redactado polo arquitecto municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, ten por obxecto definir as obras necesarias para o acondicionamento da parcela municipal existente no complexo deportivo de A Lomba co obxectivo de dotar á zona dun aparcamento disuasorio.

A parcela na que se levarán a cabo as actuacións definidas na memoria valorada de referencia atópase entre a rúa Bosque Desamparados e o Colexio Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa. Nesta zona realizarase o movemento de terras necesario para a retirada da terra vexetal e a apertura de caixa para o novo paquete de firmes que formará o aparcamento, composto por unha base de zahorra artificial e un firme de xabre. Ademais, tamén se colocará unha canalización para o sistema de drenaxe e 3 pozos de rexistro. Para a entrada ao novo aparcamento, crearase unha rampla de acceso de formigón.

O orzamento deste proxecto ascender á cantidade de 48.383,29 €). (IVE incluído).

O prazo de execución é de 1 mes.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto técnico denominado "ACONCIONAMENTO DE PARCELA PARA APARCAMENTO DISUASORIO EN A LOMBA", redactado polo arquitecto municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cuxo importe de licitación (IVE engadido) ascende a de 48.383,29€.

PRP2023/0426

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Medio Ambiente para adxudicar a dirección de execución material e o coordinador de seguridade e saúde da obra denominada "Construcción dun circuíto de Pump Track na rúa Bubela 38 "A Coca":

O obxecto do proxecto de referencia é definir e valorar as obras necesarias para a construción dun circuíto de Pump Track na parcela sita na Rúa Florida, polígono 33, parcela 142, na zona denominada A Coca. Desta maneira, búscase poder dotar dun espazo adecuado aos usuarios da modalidade deportiva denominada Pump Track, ante o notable aumento de persoas interesadas na súa práctica que se vén detectando nos últimos tempos en Vilagarcía de Arousa.

Por acordo da XGL de data 28/09/2022 apróbase o proxecto básico e de execución denominado "CONSTRUCCION DUN CIRCUITO DE PUMP TRACK NA RUA BUBELA 38 - A COCA", redactado

polo arquitecto Miguel Fiuza Canosa (MOVE Proyectos e Inversiones, S.L.), por importe (IVE engadido) de 48.388,14 €.

Por acordo da XGL de data 6 de febreiro de 2023 adxudicouse o contrato menor de obras de “CONSTRUCCION DUN CIRCUITO DE PUMP TRACK NA RUA BUBELA 38 - A COCA”, á mercantil Serviplus S.L. (B70019294), por importe de 39.852,22€ (IVE excluído).

O concello de Vilagarcía de Arousa unicamente dispón na súa plantilla dun arquitecto que ten encomendado, entre outros, tarefas de redacción de proxectos, de informes relativos temas urbanísticos e de planeamento, ademais de asistir as reunións e sesións de traballo de modificación do actual PXOM de Vilagarcía de Arousa, e de dous arquitectos técnicos que desempeñan as súas funcións en materias relacionados con urbanismo, disciplina urbanística, licencias de actividades e o seu control, etc.

Dada a carga de traballo que soportan estes técnicos non é posible que asuman a dirección de execución material e coordinación de seguridade e saúde en fase de execución da Obra de “Construción dun circuíto de Pump Track na Rúa Bubela, 38- A-Coca

Tendo en conta o persoal dispoñible por esta Administración, as tarefas que está realizando e a dedicación necesaria para realizar as tarefas obxecto do contrato, xa que requiren unha maior dedicación de medios e especializacións, considérase que non existen suficientes medios persoais e, polo tanto, é necesaria a contratación externa da prestación consistente en Dirección de execución material e a Coordinación de seguridade e saúde da obra de “CONSTRUCCION DUN CIRCUITO DE PUMP TRACK NA RUA BUBELA 38 - A COCA”.

O artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que establece que “Se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal”.

Solicitada oferta á Arquitecta Técnica dona María Anido Herranz, esta presenta un prezo (IVE excluído) de 2.410,00 €.

O prazo de execución deste contrato será de 1 mes e medio.

No presente contrato non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos umbrales contemplados no art. 118.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, pois unicamente se realizarán as actuacións contempladas na proposta de adxudicación do contrato, (dirección de execución material e Coordinador de seguridade e saúde da obra denominada Construción dun circuíto de Pump Track na Rúa Bubela).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato de servizos denominado “Dirección de execución material e Coordinación de seguridade e saúde da obra de CONSTRUCCION DUN CIRCUITO DE PUMP TRACK NA RUA BUBELA 38 - A COCA” á Arquitecta Técnica dona María Anido Herranz (35471452R), por importe de 2.410,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 506,10 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 2.916,10 €, de acordo coa oferta que se achega.

PRP2023/0435

Dáse conta do expediente de contratación correspondente á licitación do “Contrato Mixto de

Mantemento dos equipos de impresión do Concello de Vilagarcía de Arousa” (CT 68/2022-e) mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, cun tipo de licitación de 205.700,000€ (IVE incluído), e da presentación dos seguintes licitadores:

NIF: B50570571 SOLITIUM, S.L.

Unha vez aplicados os criterios de valoración que figuran no PCAP, o resultado e o seguinte:

Licitador: SOLITIUM, S.L.

CONCEPTO	PUNTUACIÓN
Oferta Económica	40
Precio ofertado por copia en blanco y negro para las que excedan de 5 millones de unidades.	5
Precio ofertado por copia en color para las que excedan de 600.000 unidades.	5
Máquinas nuevas ofertadas a mayores de las solicitadas en el punto 2.3 del PPT, para sustitución de los equipos actualmente en funcionamiento	4
Tiempo ofertado de resolución de una incidencia crítica (entre 8 y 48h)	4
Tiempo ofertado de resolución de una incidencia leve (entre 12 y 72 h)	3
Horas ofertadas anualmente para tareas de consulta y configuración	3
TOTAL	64

De acordo á avaliación da proposta aportada, a mesa de contratación conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polo licitador nas diferentes fases:

Orden: 1NIF: B50570571 SOLITIUM, S.L. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV: 18

Total criterios CAF: 64

Total puntuación: 82

A Vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.-A adxudicación do contrato de servizos denominado "Contrato Mixto de Mantemento dos equipos de impresión do Concello de Vilagarcía de Arousa e Suministro de novos dispositivos" con un orzamento de licitación de 170.000,00 € (sin IVA) y 205.700,00 € (IVA incluído), á empresa con NIF: B50570571 SOLITIUM, S.L, por un prezo de 149.000,00 € (IVA excluído), ao que corresponde un IVA (21%) de 31.290,00 €, o que totaliza un importe de 180.290,00 € (IVA incluído), de conformidade coa súa oferta, por ser esta a mellor valorada e, por ende, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

Así mesmo, oferta os seguintes prezos:

	Precio ofertado por copia en blanco y negro para las que excedan de 5 millones de unidades.	Precio ofertado por copia en color para las que excedan de 600.000 unidades.
SIN IVA	0,002 €	0,069 €
IVA 21%	0,00042 €	0,01449 €
TOTAL IVA INCLUIDO	0,00242 €	0,08349 €

O prezo ofertado inclúe as seguintes melloras:

Máquinas novas ofertadas a maiores das solicitadas no punto 2.3 del PPT, para sustitución dos equipos actualmente en funcionamento:

Departamento/Máquina Actual	Máquina que se oferta en sustitución de la actual
Rentas/Ricoh SPC 440DN	Ricoh PC 600
Tesorería/Ricoh SPC 440 DN	Ricoh PC 600
Conservatorio/Ricoh SPC 440 DN	Ricoh PC 600
Policia/Ricoh MP301	Ricoh IM350

Tempo ofertado de resolución dunha incidencia crítica (entre 8 y 48h)	Tempo ofertado de resolución dunha incidencia leve	Horas ofertadas anualmente para tareas de consulta e configuración

	(entre 12 y 72 h):	(entre 50 y 150 h)
8 horas	12 horas	150 horas

2.- Que se requira á empresa SOLITIUM, S.L., para que no prazo de 10 días hábiles a contar dende o envío da comunicación, presente a documentación establecida nos pliegos que rexen a licitación e que non podan obterse a través do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, das bases de datos da Axencia Tributaria e da Seguridade Social, así como a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación IVA excluído.

PRP2023/0460

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para nomeamento de Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, da obra "Mellora do firme en Vías Municipais nas parroquias de Zamar, Cornazo e Guillán":

Polo enxeñeiro don Óscar Álvarez González, redactouse proxecto técnico denominado "Mellora do firme en vias municipais nas parroquias de Zamar, Cornazo e Guillán", cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 242.192,22 €.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de novembro de 2022, adxudicouse o contrato a mercantil Galsur, Proyectos y Obras, S.L.U. por un importe de adxudicación (IVE engadido) de 234.791,13 €.

Para a execución do citado proxecto era necesario contar con informe sectorial de Augas de Galicia, que tivo entrada no rexistro xeral deste concello o 26 de xaneiro de 2023.

Visto que xa se conta co informe sectorial favorable non existe inconvincente no inicio das obras para o comezo das obras é preciso proceder ao nomeamento de director de obra e coordinador de seguridade e saúde, en fase de execución, co obxecto de que desenvolvan as competencias que teñen atribuídas pola lexislación vixente.

En atención ao indicado,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Nomear ao enxeñeiro técnico ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra do investimento denominado "Mellora do firme en vias municipais nas parroquias de Zamar, Cornazo e Guillán".

PRP2023/0470

Este concello solicitou financiamento, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022-2023) anualidade 2023, entre outros, para os seguintes investimentos:

Denominación	Orzamento	Financiación Plan Concellos	Fondos propios
Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)	23.945,83€	19.653,89€	4.291,94€
Urbanización da rúa Ameixeiras	75.798,64€	39.109,21€	36.689,43€

Ante a necesidade de reaxuste das achegas municipais considérase necesario efectuar los seguintes cambios nas solicitudes realizadas:

- Desistir da solicitude para o investimento “Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)”-
- Incorporar a cantidade de 19.653,89€ que se solicitara para o citado investimento “Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)” -do que se desiste, ao proxecto “Urbanización da rúa Ameixeiras”.

Polo que a modificación que se propón é a seguinte:

Denominación	Orzamento	Financiación Concellos	Plan	Fondos propios
Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)	Desistir			
Urbanización da rúa Ameixeiras	75.798,64€	39.109,21€+ 19.653,89=	58.763,10€	17.035,54€

Visto o que antecede e as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Desistir da solicitude de subvención, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022—2023) anualidade 2023, para o investimento “Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)”.

2.- Modificar a solicitude de subvención efectuada para o investimento “Urbanización da rúa Ameixeiras”, no que respecta ao importe a financiar con cargo ao Plan Concellos, incorporando o cantidade de 19.653,89€ que non se utilizará no proxecto do que se desiste, polo que a solicite de financiamento definitiva sería a seguinte:

Denominación	Orzamento	Financiación Concellos	Plan	Fondos propios
Urbanización da rúa Ameixeiras	75.798,64€	58.763,10		17.035,54€

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:50 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.